

***Beneficios y costes sociales en la conservación de la Red Natura 2000***

ALBINO PRADA BLANCO / MARÍA XOSÉ VÁZQUEZ RODRÍGUEZ / MARIO SOLIÑO MILLÁN  
Fundación Caixa Galicia. 2006  
[265 páxinas]

*Recibido:* 4 de decembro de 2006  
*Aceptado:* 19 de decembro de 2006

Nun momento no que a vaga de incendios do pasado mes de agosto puxo de manifesto a necesidade dun novo modelo de xestión forestal en Galicia, a obra de Albino Prada, María Xosé Vázquez e Mario Soliño incorpora a este debate cuestións relativas á visión da propia sociedade galega respecto da situación actual e futura dos seus montes.

Baixo o obxectivo xenérico de determinar os custos e os beneficios sociais derivados da conservación dos espazos incluídos na Rede Natura 2000 en Galicia, os autores indagan en tres aspectos clave á hora de elaborar unha política forestal eficiente.

En primeiro lugar, analizan as características desexadas polos cidadáns galegos para os seus montes, estudando as preferencias respecto do tipo de paisaxe desexada, cuestión que claramente inflúe na aceptación e, xa que logo, na eficacia das políticas forestais que cómpre elaborar. En segundo lugar, analizan o valor que lle outorgan, cuantificando o esforzo económico que están dispostos a facer para a súa conservación. Por último, incorporan ao estudo a percepción que axentes involucrados na xestión forestal teñen dos principais instrumentos presentes nas políticas actuais, incidindo na súa visión respecto das posibles melloras por realizar.

A primeira das cuestións é estudada no primeiro capítulo, no que se introducen aspectos xerais de distinta natureza coa finalidade de situar o lector no contexto da investigación. Entre outras cousas, descríbense as principais características do sector forestal galego, destacando a importancia dunha forma de propiedade privada peculiar –os montes veciñais en man común– e informando da principal lexislación vixente en materia forestal.

Así mesmo, ofrécese información relevante sobre as motivacións que fixeron xurdir a Rede Natura 2000, a presenza de España e de Galicia nesta rede, así como se delimita a zona obxecto de estudo, sinalando aqueles lugares de interese comunitario (LIC) da Rede Natura galega cuxas preferencias paisaxísticas e de conservación son obxecto de estudo deste traballo.

O segundo capítulo afonda na análise das preferencias sociais das paisaxes que, sen dúbida ningunha, deberían ser tidas en conta nunha xestión forestal eficiente.

Trátase de determinar que atributos dos bosques son valorados pola sociedade galega, ademais de afondar na ordenación das preferencias relativas a esas características valoradas.

A investigación realizouse mediante entrevistas persoais nas que se lles amosaban aos enquisados fotografías e imaxes nas que variaban cuestións como as especies existentes, a porcentaxe de superficie arborada, a presenza de devasa ou a altura e a densidade das árbores, entre outras.

Os resultados amosan unha forte diverxencia entre as preferencias da sociedade galega, partidaria da recuperación dos bosques tradicionais de carballos, de castiñeiros e doutras caducifolias, e a realidade actual, onde son maioría as superficies poboadas con coníferas e eucaliptos, estes últimos os menos desexados de acordo co estudo. É evidente que o produtivismo que orientou a política forestal das últimas décadas é totalmente alleo á vontade da sociedade galega, tal e como se pon de manifesto neste estudo.

Logo de determinar as preferencias respecto das paisaxes de montaña, no terceiro capítulo éntrase xa no estudo da cuantificación de custos e beneficios da conservación, analizando a disposición a pagar para evitar a deterioración da situación ambiental de tres espazos naturais de montaña incluídos na proposta da Rede Natura 2000 (os parques da Baixa Limia, o Invernadoiro e as fragas do Eume). Así e todo, o traballo non se limita a este obxectivo senón que obtén información respecto de cuestións como o tipo de xestión desexada para os espazos naturais ou as variables significativas en relación coas motivacións dos visitantes dos parques.

Para isto, os autores empregan o método de valoración continxente, aplicable a bens, coma os ambientais, para os que non existe mercado. A través de enquisas estímase a disposición –neste caso, a pagar– ante un cambio positivo na calidade ambiental –no noso caso a preservación dos parques naturais mencionados–, tratando de determinar os cambios no benestar orixinados polas modificacións na xestión do ben.

Os resultados obtidos amosan que a disposición a pagar media esperada nas familias galegas para conservar os parques naturais estudados sitúase preto dos 7 euros por familia e ano (€/a). Como acontece noutros estudos desta natureza, aínda que o uso activo dos espazos incida positivamente na disposición a pagar, o valor de conservación tamén cobra unha grande importancia na avaliación realizada. Pola contra, os enquisados procedentes do medio rural ou con niveis de estudos baixos móstranse menos dispostos a contribuír monetariamente.

Igualmente, o estudo permite avaliar a actitude dos cidadáns ante un incremento no número de espazos naturais protexidos (ENP), proponendo os autores pasar dos tres considerados a 24 ENP de montaña ou, o que é o mesmo, a incrementar as hectáreas da Rede Natura de 36.000 a 280.000 hectáreas (do 1% ao 10% do territorio galego).

Neste novo escenario mantense a importancia do valor de conservación, así como as tendencias anteriores polo que se refire ao papel desenvolvido polo lugar de residencia e polo nivel de estudos. Porén, a disposición marxinal ao pagamento

amosada multiplícase por dezaseis, ascendendo de 7 €/a a 113 €/a, cifra que expresada en termos de superficie significa 336 euros por hectárea e ano (€/ha/a). Porén, e malia este incremento na disposición a pagar, esta cantidade é, tanto en termos absolutos como no que se refire ao seu peso na renda familiar, inferior aos valores obtidos en estudos similares, aínda que non estritamente comparables, realizados para os bosques de España.

Para rematar, o cuarto capítulo pretende analizar a opinión de axentes implicados na xestión dos montes galegos respecto das políticas agro-silvo-ambientais existentes. Mediante unha análise *Delphi*, onde os expertos en cuestión son principalmente presidentes de comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC)<sup>1</sup>, indágase sobre aspectos relativos aos principais problemas relacionados coa xestión do monte en Galicia.

Os resultados amosan que cuestións como o tempo transcorrido entre cada corta ou os incendios forestais constitúen desincentivos para repoboar. Así mesmo, os expertos enquisados outórganlles unha grande importancia aos fondos recibidos das administracións, tanto no tocante ás repoboacións como en relación coa posta en marcha de políticas de conservación efectivas.

En relación coa primeira cuestión, consideran insuficientes as subvencións recibidas para este fin, aínda que, por outro lado, se reconece un certo descoñecemento das axudas existentes. Así e todo, os autores destacan que as contías sinaladas como desexables –moi por riba das actuais– se sitúan por baixo da prima compensatoria máxima fixada a nivel europeo, polo que se poderían axustar sen problemas aos requisitos da PAC.

En relación coas políticas de conservación, a creación dunha renda anual por hectárea conservada e un maior apoio técnico e administrativo gratuíto das administracións son consideradas medidas necesarias.

En conclusión, consideramos que o traballo exposto neste volume é de especial interese, pois incorpora elementos esenciais á hora de comprender a visión que os cidadáns galegos teñen dos seus montes, recollendo tanto as súas preferencias como as opinións respecto das melloras que cómpre realizar para lograr políticas forestais máis eficaces e sustentables.

ADOLFO CARBALLO PENELA  
Universidade de Santiago de Compostela

---

<sup>1</sup> O panel seleccionado está constituído por 30 expertos dos que 28 son presidentes de CMVMC. Dos dous restantes, un é presidente dunha asociación de veciños e outro secretario dunha xunta reitora dunha CMVMC.